



BOP

SÁBADO, 29 DE ABRIL DE 2023

N.º 098

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

ANUNCIO

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 17.04.2023 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2023, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 18 de abril de 2023.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 1261

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DO SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS NA TEMPADA ESTIVAL

Pola Xunta de Goberno Local do 20 de abril de 2023 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos do servizo de socorrismo en praias na tempada estival.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HÁBILES (non contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 20 de abril de 2023.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1262

Anuncio

NOMEAMENTO DE FUNCIONARIAS/OS DE CARREIRA

De conformidade co previsto no artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e o disposto nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, faise público o nomeamento das/os seguintes funcionarias/os de carreira deste Concello de Barreiros, para as seguintes prazas a favor das persoas que a continuación se relacionan:

NOME E APELIDOS	DNI	PRAZA
ANA EIROA MARTINEZ	***9903**	AUXILIAR ADMINISTRATIVO (C2, nivel 13)
ROCIO PENABAD FLORES	***9555**	AUXILIAR ADMINISTRATIVO (C2, nivel 13)
VANESA RIO RODRIGUEZ	***9925**	AUXILIAR ADMINISTRATIVO (C2, nivel 13)
ramona rodriguez perez	***6547**	AUXILIAR ADMINISTRATIVO (C2, nivel 13)
ROSA MARIA SANCHEZ VILLALBA	***9440**	AXENTE DE EMPREGO LOCAL (A1, nivel 22)
GUSTAVO GONZALEZ AMOR	***2872**	ENXEÑEIRO TECNICO AGRICOLA/FORESTAL (A2, nivel 16)
maria carmen blas rio	***9460**	DIPLOMADA ESCOLA INFANTIL (A2, nivel 16)
ana isabel rubio sanchez	***1685**	DIPLOMADA ESCOLA INFANTIL (A2, nivel 16)
lucia diaz leiva	***9217**	TECNICA ESPECIALISTA ESCOLA INFANTIL (C1, nivel 13)
lorena eiroa prado	***9713**	TECNICA ESPECIALISTA ESCOLA INFANTIL (C1, nivel 13)
maria fonte cardalda	***8131**	TECNICA ESPECIALISTA ESCOLA INFANTIL (C1, nivel 13)
angela mariña otero	***3505**	TECNICA ESPECIALISTA ESCOLA INFANTIL (C1, nivel 13)
MARIA JOSE PERDIGUERO GARCIA	***5876**	ANIMADORA SOCIOCULTURAL (A2/B, nivel 16)

Estas persoas disporán do prazo de un mes desde a notificación deste anuncio para tomar posesión da praza.

Creanse as bolsas de emprego como funcionario interino no concello de Barreiros, creadas expresamente para estes procesos de estabilización e aprobadas por resolución de alcaldía do 16 de decembro de 2022, que entran en vigor de forma inmediata e substitúen a calquera bolsa de emprego temporal existente para a cobertura destes postos de traballo, que quedan sin efectos de forma inmediata.

Barreiros, 24 de abril de 2023.- A Alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1287

BÓVEDA

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2023, acordou a aprobación provisional do **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA** do Concello de Bóveda (Lugo).

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES,

a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Bóveda, 24 de abril do 2023. O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1263

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2023, acordou a aprobación provisional da **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº.19 REGULADORA DA TAXA POR CEMITERIO MUNICIPAL** do Concello de Bóveda (Lugo).

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

Bóveda, 24 de abril do 2023. O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1264

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria 27.02.2023, aprobou provisionalmente o expediente de modificación da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordo de modificación, e procédese a súa publicación.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRICIÓN	€/BIMESTRE 1º-2ºBIM 2023	€/BIMESTRE 3º-6ºBIM 2023
Vivendas		
Zona Urbana	14,23 €	12,88€
Zona Rural	7,13 €	6,46€
Actividades		
Locais sen actividade	14,23 €	12,88 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677		
Ata 20 m ²	33,21 €	30,07 €
De 21 m ² a 100 m ²	49,84 €	45,12 €
De 101 m ² a 200 m ²	66,45 €	60,16 €
De 201 m ² a 400 m ²	99,65 €	90,22€
De 401 m ² a 1000 m ²	149,48 €	135,33€
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	83,03 €	75,17€
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969		
Ata 100 m ²	51,25 €	46,4
De 101 m ² a 200 m ²	73,48 €	66,53
De 201 m ² a 400 m ²	122,47 €	110,88
De 401 m ² a 1000 m ²	171,46 €	155,23
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	97,97 €	88,7
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares		

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662			
	Ata 20 m ²	39,85 €	36,08 €
	De 21 m ² a 100 m ²	59,79 €	54,13 €
	De 101 m ² a 200 m ²	79,73 €	72,18 €
	De 201 m ² a 400 m ²	119,59 €	108,27€
	De 401 m ² a 1000 m ²	179,38 €	162,4 €
	Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	99,65 €	90,22 €
Hotéis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares			
No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951			
Con servizo de restaurante, bar ou cafetería			
	Ata 100 m ²	21,93 €	19,85€
	De 101 m ² a 200 m ²	31,44 €	28,46 €
	De 201 m ² a 400 m ²	52,38 €	47,42€
	De 401 m ² a 1000 m ²	73,33 €	66,39€
	Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	39,05 €	35,35€
Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería			
	Ata 100 m ²	19,93	18,04
	De 101 m ² a 200 m ²	29,89	27,06
	De 201 m ² a 400 m ²	49,84	45,12
	De 401 m ² a 1000 m ²	69,75	63,15
	Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	39,85	36,08
Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares			
No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699			
Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436			
	Ata 20 m ²	26,58	24,06
	De 21 m ² a 100 m ²	39,85	36,08
	De 101 m ² a 200 m ²	53,14	48,11
	De 201 m ² a 400 m ²	79,73	72,18
	De 401 m ² a 1000 m ²	119,59	108,27
	Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	66,45	60,16
Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares			
No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179			
Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76			
División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999			
	Ata 20 m ²	18,96	17,17
	De 21 m ² a 100 m ²	28,44	25,75
	De 101 m ² a 200 m ²	37,93	34,34
	De 201 m ² a 400 m ²	56,9	51,51
	De 401 m ² a 1000 m ²	85,35	77,27
	Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	47,41	42,92

Outras actividades non tarifadas expresamente

Ata 20 m ²	18,96	17,17
De 21 m ² a 100 m ²	28,44	25,75
De 101 m ² a 200 m ²	37,93	34,34
De 201 m ² a 400 m ²	56,9	51,71
De 401 m ² a 1000 m ²	85,35	77,27
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	47,41	42,92
Profesionais e artistas Sección 2ª e 3ª		
	Profesionais e artistas	17,06 € 15,45 €

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.

As anteriores modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, a 25 de abril 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1289

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 24 de abril de 2023 o expediente núm. 22/2023 de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 1.940.361,46 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 25 de abril de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 24.01.2022 A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1290

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 24/04/2023 o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2023, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no art. 169.3 do Texto refundido da Lei do Regulamento das Facendas Locais aprobado polo R.D. Legislativo 2/2004 de 05 de marzo, e disposicións concordantes, expónse o público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que comezará a contarse dende o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao sr. Alcalde-presidente desta Corporación, considerándose definitivamente aprobado de non presentarse ningunha no prazo indicado.

A Pobra do Brollón, 24 de abril de 2023.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1265

Anuncio

Formada, rendida e informada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión celebrada o día 20/04/2023, a Conta Xeral do exercicio 2022, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o prazo indicado e oito días máis, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que consideren oportunas, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Pobra do Brollón, 24 de abril de 2023.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1266

RÁBADE

Anuncio

De conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 47 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, faise público para xeral coñecemento que, por ausentarme do Concello entre os días 27 de abril a 1 de maio de 2023, ambos inclusive, substituírame nas funcións da Alcaldía deste Concello o primeiro tenente de alcalde don Alejandro Martínez Campos.

Rábade, 24 de abril de 2023.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1267

RIBADEO

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 2023-0331 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo de estabilización de emprego se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0331 de data 11 de abril de 2023, una vez concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Luis González Amor	**3102**

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Servizos Funerarios
Ide. Posto	0801 RPT
Denominación do posto	Peón Coveiro
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	11/04/2023
Escala	Administración Especial
Subescala	Operario
Clase/Especialidade	Servizos Especiais
Grupo/Subgrupo	Equiparado "C2" .

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 19 de abril de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1268

Anuncio

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE TRABALLO DE CARACTER LABORAL FIXO INCLUIDOS NA RPT MUNICIPAL.

OFERTA PUBLICA DE EMPREGO 2023. PEÓN ALBANEL. Posto RPT/ nº 1022 /4

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura con carácter fixo do posto de traballo sinalado na RPT municipal co número 1022/4.

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Asimilado a un Grupo E.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo. Administración Especial.

Adscripción: Servizos de mantemento de instalacións e infraestruturas.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán as previstas na RPT, sinaladamente as de execución de traballos manuais de conservación, mantemento e reparación de infraestruturas e instalacións municipais propios desta categoría.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: Unha.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a)Xerais: Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

b) Específicos.

1.Titulación académica: Estudos primarios, certificado de escolaridade ou titulación semellante ou superior.

2.-Estar en posesión do permiso de conducir da clase B ou superior.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento /sinatura de contrato laboral.

c) Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos, epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

Estas bases específicas faranse públicas no Boletín Oficial da provincia de Lugo e tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal/sede_electrónica.

A convocatoria para comezo do prazo para presentación de solicitudes efectuarase no B.O.E.

Os sucesivos anuncios relativos ao proceso de selección faranse públicos a través do tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal/sede_electrónica.

Non se efecturarán notificacións individuais.

8. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E QUENDA DE RESERVA.-

As instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de vinte días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das AA.PP.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprometéuse, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e **non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.**
- Xustificante, no seu caso, do título ou Certificado de idioma galego (CELGA 2 ou superior).
- Resgardo do pagamento das taxas correspondentes.

Quenda de reserva.-

Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación pola persoa interesada atendendo ao disposto na Base Quinta do presente documento.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes. Nas probas selectivas, incluídos os cursos de formación e os períodos de prácticas, estableceranse as adaptacións e axústelos razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a súa realización polas persoas con discapacidade, sempre que así o solicitasen, a fin de garantir que participan en condicións de igualdade cos demais aspirantes. Estas persoas concorrerán en quenda separada dos demais aspirantes sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas¹.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao posto ofertado.

¹ Atendendo ao previsto no artigo 54 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicarse igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerarse defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A)Fase de oposición:

Serán 3 exercicios.-

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para a ocupación do posto.

A proba será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio,

A duración máxima da mesma non excederá de 40 minutos

O tribunal establecerá con carácter previo os criterios para valorar esta proba que se porán se coñecemento dos aspirantes ao inicio da mesma.

O exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Segundo Exercicio.- De carácter obligatorio e eliminatorio consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo dunha hora, un tema determinado polo Tribunal inmediatamente antes de comezar o exercicio e relacionado coas materias comprendidas no Programa do ANEXO I, aínda que non se ataña a un epígrafe concreto daquel.

O Tribunal propondrá dous temas aos aspirantes dos que deberán elixir un que deberán contestar obrigatoriamente.

Os aspirantes terán liberdade en canto á forma de exposición se refire, valorándose polo Tribunal a formación xeral, a claridade de ideas e coñecemento da materia así como o rigor e precisión na exposición.

Posteriormente ou no propio acto serán convocados, no seu caso, oportunamente para proceder por sí mesmos á lectura pública dos exercicios.

Este exercicio cualificaranse de 0 a 10 puntos e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio. Idioma galego.- De carácter **obligatorio e eliminatorio** consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primeiro exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario.

Cualificarase como APTO ou NON APTO. Serán Non aptos aqueles exercicios que conteñan 20 erros ou mais.

*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego **Celga 1 ou equivalente**, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

B)Fase de concurso:

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase con posterioridade á celebración da fase de oposición para aqueles que superasen os tres exercicios.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento/sinatura de contrato laboral.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado público a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprido os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.
- 4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).
- 8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmentemente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión/asinar contrato laboral no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento será publicado no BOP de Lugo.

15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

16.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, e ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que non obtiveran praza.

17.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

ANEXO I

A) FASE DE OPOSICION

TEMARIO.-

Tema 1.- A constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.-Organización municipal. Competencias dos Concellos. O Pleno, O Alcalde. Especial referencia ao Concello de Ribadeo (servizos municipais existentes no Concello de Ribadeo).

- Tema 3.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.
- Tema 4.- O Concello de Ribadeo (Parroquias, núcleos de poboación, rúas da vila, edificios municipais, etc).
- Tema 5.-Prevención de accidentes laborais: Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores. Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.
- Tema 6.- Cementos: Clases. Fraguado e endurecemento. Resistencia. Morteiros: Definición. A súa preparación con medios manuais e mecánicos.
- Tema 7.- Materiais auxiliares empregados en albanería: Mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, impermeabilizantes, etc.
- Tema 8. Revestimientos verticais: enfoscados, revocos, enlucidos, estucados. Medios necesarios e execución.
- Tema 9.- Aplacados e alicatados en paramentos verticais. Pedra cerámica, azulexos.
- Tema 10. Principios básicos de Prevención de Riscos laborais. Normativa legal.

ANEXO II

B)FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

- 1.1) Polo tempo de prestación de servizos como oficial albanel nunha administración local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 20 puntos por mes completo.
- 1.2) Polo tempo de prestación de servizos como oficial albanel nunha administración pública distinta da local ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 10 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración:

Cursos de 100 ou mais horas.....	0,75 puntos.
Cursos de 70 a 99 horas.....	0,50 puntos.
Cursos de 40 a 69 horas.....	0,20 puntos.
Cursos de 15 a 39 horas.....	0,10 puntos.

Ribadeo, 11 de abril de 2023.- O ALCALDE, Fernando Suárez Barcia.

R. 1269

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 17/03/2023 e 21/04/2023 os Padróns SAF dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023, por medio do presente exponse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 21 de abril de 2023.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1270

TABOADA

Anuncio

Aprobación da tarifa de 10,00 euros por usuario participante empadroado no Concello de Taboada para a Festa da Terceira Idade de Taboada 2023.

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2023, acordou a **Aprobar a tarifa de 10,00 euros por usuario participante empadroado no Concello de Taboada para a Festa da Terceira Idade de Taboada 2023.**

O que se comunica para común coñecemento.

Taboada, 25 de abril de 2023.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1284

VIVEIRO

Anuncio

RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS PARA A EXCLUSIÓN DO CAMIÑO 710 NA TRAVE (GALDO)

O Concello de Viveiro, en sesión plenaria de data 11 de abril de 2023 adoptou acordo de rectificación ó Inventario de Bens Municipais en orde a excluír o camiño 710 que figura detallado na ficha con N.º de activo 1C.1.0710 do Inventario de Bens Municipais do Concello de Viveiro.

Viveiro, 21 de abril de 2023.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 1271
